



**SINDICATO DE ESTUDANTES**

Tlf: 679500266. [www.sindicatodeestudiantes.net](http://www.sindicatodeestudiantes.net)

## **Hai forza para frear os ataques á educación e sanidade públicas!!**

Este curso estivo marcado por unha extraordinaria mobilización da comunidade educativa. En setembro profesores e estudantes secundamos dúas xornadas de folga en Galiza (os días 21 e 27). As mobilizacións sucedíanse tamén noutras zonas do estado á vez que en Madrid desenvolvíase a impresionante Marea Verde. Entre os meses de setembro e decembro o Sindicato de Estudiantes convocou 10 xornadas de folga en Madrid, 8 delas conxuntas cos nosos profesores. Foron mobilizacións que impactaron profundamente na mente de millóns.

Aínda que o ataque estíbese producindo a nivel autonómico, era claro que se trataba dun anticipo do que sucedería a nivel estatal coa chegada ao goberno do Partido Popular. Por iso desde o Sindicato de Estudiantes convocamos o día 6 de outubro unha xornada de folga estatal en secundaria que foi un verdadeiro éxito con decenas de miles de estudantes nas rúas. Tamén o 17 de novembro, a 3 días das eleccións xerais, convocamos unha exitosa xornada de loita estatal para deixar claro ao goberno que saíse das urnas a nosa disposición a loitar.

Tralo Nadal, convocamos unha folga estudantil o 16 de febreiro no País Valencián, contra os cortes de luz, calefacción e a falta de materiais básicos que se estaba a producir en máis de 65 centros públicos. 20.000 estudantes de secundaria manifestáronse nas rúas de Valencia. E no medio desas extraordinarias mobilizacións produciuse unha represión policial feroz contra os estudantes do IES Lluís Vives. Para dar resposta á represión, o 29 de febreiro convocamos unha xornada de loita estatal en solidariedade cos nosos compañeiros de Valencia, logrando que máis de 100.000 estudantes saísen ás rúas.

Poucos días despois anunciouse a convocatoria de folga xeral por parte das centrais sindicais para o 29-M, que en Galiza xa anticipara a CIG. Para contribuír ao seu éxito, repartimos máis de 150.000 follas nuns 500 institutos e facultades de todo o estado chamando á participación activa na folga xeral, e realizamos máis de 150 asembleas coa participación de miles de mozos. Cando os efectos da impresionante Folga Xeral do 29 de Marzo aínda non desapareceran, o PP anunciou os ataques máis graves á educación e sanidade públicas desde a caída da ditadura. Inmediatamente desde o Sindicato de Estudiantes propuxemos aos sindicatos de clase convocar unha Folga Xeral estatal do sector educativo o 10 de

maio. Aínda que nesta primeira data non se puido concretar a folga, convertemos ese día nunha xornada de loita estudantil en todo o estado en defensa da educación pública, apoiada por CCOO, UGT e a CEAPA. Ese mesmo día en Galiza convocáronse mobilizacións por parte de tódalas organizacións estudantis da esquerda, que tiveron un gran impulso por parte da CIG.

Tras o día 10, volcámonos na difusión de dúas convocatorias xa anunciadas: o aniversario do 15-M, que volveu sacar a millóns de persoas á rúa e a folga xeral de toda a comunidade educativa o 22-M, folga que foi un rotundo éxito con centenas de miles de persoas novamente nas rúas.

### **Hai forza para frear os ataques. Por unha Folga Xeral de 48 horas**

O Partido Popular, lonxe de rectificar a súa política de ataques e agresións aos traballadores e capas máis desprotexidas da sociedade, fixo todo o contrario. Neste tempo aprobou recortes sen precedentes contra a sanidade e educación públicas, servizos que son esenciais para millóns de persoas, á vez que entregou a mans cheas miles de millóns a unha minoría. Estamos a presenciar como a Bankia váiselle inxectar 20.000 millóns de euros de diñeiro público (dúas veces a cantidade que se recortou a Sanidade e Educación), como á Igrexa Católica ségueselle perdoando o pago de impostos que todos os demais si pagamos e cos que se recadarían 3.000 millóns de euros (o mesmo valor do recorte á educación pública aprobado polo PP), ou como a dereita mantén o orzamento millonario asignado á Casa Real e que podemos comprobar como se gasta en luxosas viaxes a países exóticos. Como dicíamos na convocatoria do pasado 22 de Maio: “Recortes para mozos e traballadores, millóns para banqueiros e especuladores”.

Pero o balance da mobilización educativa deste ano demostra que existe a forza e a determinación a loitar por parte de millóns de traballadores e estudantes, o que nos sitúa nunha excelente situación para parar os ataques do PP. Por iso, desde o Sindicato de Estudiantes pensamos que é imprescindible aumentar a intensidade da protesta e dar continuidade á folga xeral do 29 de marzo. O mellor xeito de obrigar a retroceder á dereita sería a convocatoria dunha folga xeral de 48 horas, paralizándola por completo a actividade económica en todo o estado durante dous días e deixando claro que somos a inmensa maioría os que non aceptamos estas políticas que nos pretenden devolver a unhas relacións laborais e de acceso aos servizos públicos propias do franquismo.

Os dirixentes sindicais de CIG, CCOO e UGT deberían empezar a convocar desde xa asembleas masivas nos centros de traballo e estudo, a organizar comités de folga integrados por mozas e traballadores en todos os barrios, a preparar unha verdadeira rebelión social contra a maior agresión ás nosas condicións de vida en varias décadas. Dese modo despregariamos unha forza imparabile contra un goberno cada vez máis illado e que, máis aló da propaganda, é sumamente débil.